NOVEMBRO 2023

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa

www.cig-ensino.gal

# Concurso de traslados 2023




**Datas de participación: do 14 de novembro ao 4 de decembro**

**Data de resolución provisional: a mediados de febreiro**

**Data de resolución definitiva: a mediados de abril**

**Estudo da CIG-Ensino sobre o profesorado participante e datos da última adxudicación**

# Datas e prazos de interese

| | |
|---|---|
| **Prazo de participación** | Do 14 de novembro ao 4 de decembro de 2023 |
| **Modelo de participación** | A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta. Pódese cubrir na páxina web da consellaría (CXT) ou a través do formulario normalizado accesíbel na sede electrónica da Xunta. |
| **Vacantes provisionais** | A CIG reclamou na Mesa que se coñezan as vacantes no período de participación. A Consellaría comprometeuse a publicar as provisionais o antes posíbel pero sen fixar unha data. |
| **Resolución provisional** | Publícase na web da Consellaría a mediados de febreiro. |
| **Reclamacións e renuncias** | 10 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución provisional na web da Consellaría.<br>As reclamacións ao baremo poderanse presentar unha vez se vaia facendo público na web da Consellaría, aínda que intentarán fixar un prazo de fin de baremación. |
| **Vacantes definitivas** | A CIG reclamou na Mesa que se coñecesen antes de rematar o prazo de RENUNCIAS e RECLAMACIÓNS. |
| **Resolución definitiva** | Publícase na web da Consellaría e no DOG a mediados de abril. |

# A ter en conta...

☑ O CXT 2023/24 é de **ámbito exclusivamente galego.**

☑ **Só se pode participar por medios electrónicos e con rexistro único en sede.xunta.gal. Os mecanismos de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica inclúen o sistema de usuario e a Chave 365.**

☑ **As únicas excepcións serán documentos en formatos non admitidos na sede electrónica ou que excedan dos tamaños máximos permitidos.**

☑ **Haberá dous procedementos electrónicos específicos:**

***- ED012A para participar no CXT.***
***- ED011A (expediente persoal) só no caso de que se queira actualizar ou modificar os datos contidos no mesmo durante o prazo de presentación de solicitudes.***

☑ **Para as publicacións (libros e revistas) non se achegan orixinais, só copia da portada e da contraportada.**

☑ **Todo o profesorado sen destino definitivo ten a obriga de participar**, así como aquel que queira solicitar unha **comisión por saúde ou conciliación.**

☑ **O funcionariado en prácticas participa con cero puntos, ordenado pola nota do concurso-oposición.**

☑ **O sistema de petición de vacantes é diferente ao do CADP.** No CXT non se pode, na mesma petición, solicitar no mesmo centro praza ordinaria, con itinerancia e bilingüe. É preciso triplicar a solicitude.

# A importancia do perfil lingüístico galego en todas as especialidades de todos os corpos

Desde a CIG-Ensino demandamos historicamente que **todas as especialidades de todos os corpos teñan perfil lingüístico galego**, co obxectivo de garantir que o profesorado teña as competencias necesarias para desenvolverse axeitadamente no noso idioma.

Esta medida beneficia a todo o profesorado con destino en Galiza, xa que cumpre con ese requisito e garante que quen entre no sistema educativo galego, cando o CXT teña carácter estatal, o faga en igualdade de condicións. A día de hoxe só as especialidades de Infantil, Primaria e Ciencias Sociais do Corpo de mestras e Historia e Bioloxía de secundaria, así como todas as específicas da FP e todas as do corpo de catedráticos de música e artes escénicas teñen como requisito o Celga 4. É obvio que non estendelo a todas as demais é unha clara incongruencia por parte da Consellaría de Educación.

Levamos anos solicitando que se valore como mérito a impartición de aulas en galego así como dispoñer de titulacións ou formación de nivel superior na nosa lingua. Comunidades como o País Valenciá outorgan até 5 puntos por un nivel C2 da súa lingua. Navarra dá 3 puntos.






# Información importante sobre as prazas de PES nos CIFP para impartir módulos de comunicación e sociedade e de ciencias aplicadas na FP Básica

Nos últimos anos as prazas para impartir estes módulos ofértanse para o profesorado de PES das materias vinculadas aos mesmos. A decisión sobre a especialidade a ofertar (por exemplo, Lingua Galega ou Castelá no de comunicación, ou Matemáticas ou Tecnoloxía no de ciencias, ou outras de ser o caso) vai depender da dirección dos CIFP e da Inspección. As prazas, se non se cobren con solicitudes voluntarias, poderanse adxudicar de oficio. É moi importante ter isto en conta á hora de cubrir a solicitude. No caso de que se pida por código de localidade e non de centro hai que ter presente que se están a incluír os CIFP de dita localidade.

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

AFÍLIATE

INFÓRMATE DOS TEUS DEREITOS

***AFÍLIATE PARA ESTAR AO DÍA DE TODA A INFORMACIÓN E PARA SERMOS MÁIS FORTES Á HORA DE CONSEGUIR MELLORAS NAS NOSAS CONDICIÓNS DE TRABALLO***

# Criterios para determinar as vacantes a concurso en secundaria

***A CIG-Ensino acudirá ás negociacións nas Xuntas de Persoal provinciais velando porque se manteñan os criterios acordados en 2018 para a convocatoria de prazas definitivas e co obxectivo de que ninguén pase máis de dous anos en expectativa de destino desde que aproba a oposición.***

**Primeiro. Horario necesario para a oferta de vacantes.**

- A primeira vacante ofertarase, con carácter xeral, con 14 horas lectivas, computándose, para estes efectos, as horas de redución por xefatura de departamento.
- A segunda e seguintes vacantes ofertaranse sumando ás 14 horas o horario lectivo establecido en **20 horas** para o persoal funcionario docente pertencente aos corpos de PES, PTFP a extinguir e PESSFP, en aplicación da ***Orde do 4 de xuño de 2012 pola que se modifica o artigo 4 da Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente.***
- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 nos centros de liña 1 e nos departamentos unipersoais.
- Poderán ofertarse vacantes cun horario inferior ao establecido nos subepígrafes 1 e 2 naquelas especialidades nas que, polo número de horas existentes nos centros, se demore en exceso no tempo a obtención do primeiro destino definitivo polo profesorado en expectativa de destino.

**Segundo. Planificación educativa.**

As vacantes que se oferten deberán ter o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa.

**Terceiro. Cómputo do horario.**

De conformidade co establecido no punto anterior, e sempre dentro do cupo asignado a cada centro, para determinar as horas existentes en cada especialidade computaranse as horas:

- *de todas as materias troncais e específicas da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,*
- *as horas de todas as materias de libre configuración autonómica da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato que se impartan no centro,*
- *de Valores Éticos da Educación Secundaria Obrigatoria,*
- *do ámbito lingüístico e social dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *do ámbito científico e matemático dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *do Ámbito de linguas estranxeiras dos Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que se impartan no centro,*
- *dos desdobramentos de grupos que se estean a realizar no centro,*
- *dos programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas que se estean a realizar no centro,*
- *do ámbito científico-tecnolóxico das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *do ámbito de comunicación das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *do ámbito social das ensinanzas da ESO de adultos,*
- *de todas as materias do bacharelato de adultos que se impartan no centro,*
- *dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade da Formación Profesional Básica,*
- *dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas da Formación Profesional Básica,*
- *da redución horaria pola Xefatura de Departamento e aqueloutras que puideran estar atribuídas con carácter permanente a unha especialidade,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional Básica,*
- *dos módulos profesionais da Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime ordinario,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional de Grao Medio e de Grao Superior do réxime de adultos,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional do Grao Medio e do Grao Superior da ensinanza a distancia,*
- *dos módulos profesionais de Formación Profesional Dual,*
- *unha previsión dos módulos profesionais atribuídos a cada especialidade na oferta modular,*
- *o módulo profesional de lingua estranxeira,*
- *o módulo profesional de segunda lingua estranxeira.*

**Cuarto. Completar horario.**

Cando o persoal funcionario docente non poida completar o seu horario lectivo impartindo docencia nas materias, ámbitos ou módulos profesionais atribuídos á súa especialidade no Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, en aplicación do artigo 8 da Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, completará o seu horario impartindo docencia noutras materias ou módulos profesionais, coa prioridade que se enumera a continuación na seguinte páxina.

1.- Materias ou ámbitos atribuídos a outra especialidade da que sexa titular.
2.- Materias ou ámbitos para os que teña atribuída competencia docente, de conformidade co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1834/2008 do 8 de novembro, modificado polo Real decreto 665/2015 do 17 de xullo.
3.- Materias atribuídas a unha especialidade á que tería acceso en función dalgunha titulación que se posúa, de conformidade coa orde pola que se dá publicidade ás titulacións que permiten a incorporación ás listas de aspirantes a desempeñar postos docentes en réxime de interinidades e substitucións dos corpos de mestres, de profesores de ensino secundario, de profesores técnicos de formación profesional e de profesores de escolas de idiomas que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
4.- Outras materias que a xefatura de estudos determine, segundo a organización do centro.
5.- En relación cos módulos profesionais resultará de aplicación o artigo 20 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, e o artigo 30 do Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

**Quinto**- Os criterios que figuran no punto 1 serán de aplicación, coas necesarias adaptacións, ás demais especialidades docentes das ensinanzas de réxime especial.







***A CIG-Ensino***

◊ *Recollerá e revisará todas as solicitudes de prazas que nos fagades chegar, contrastando as vacantes adxudicadas no CADP que cumpran cos criterios para converterse en definitivas.*

◊ *Remitirá, en canto as teñamos, as vacantes provisionais a todos os centros e á afiliación para poder levar unha proposta fundamentada ás negociacións nas Xuntas de Persoal.*



# Información da Mesa Sectorial sobre o CXT

## Vacantes e prazos

### Solicitudes da CIG-Ensino

#### ▶ Transparencia na publicación das prazas estruturais e vacantes

A CIG-Ensino demanda que a Consellaría, toda vez que xa definiu o que considera como prazas estruturais, asuma o compromiso da máxima transparencia na xestión das vacantes. Debe facerse pública durante o mes de outubro unha relación de todas as prazas existentes nos centros educativos, identificando e diferenciando:

- *Prazas estruturais e non estruturais (medias xornadas, cargos directivos).*
- *De entre as prazas estruturais cales son vacantes e cales están ocupadas por profesorado sen presenza física no centro mais con reserva de praza.*

A Consellaría afirma estar a traballar na identificación das prazas estruturais e non estruturais do CADP. Restaríalles determinar prazas que, sendo estruturais, non están previstas na planificación educativa.

Que non se deixe de ofertar ningunha praza para garantir a máxima mobilidade. O obxectivo acadado pola CIG-Ensino no ano 2018, desbloqueando centos de prazas que estaban vacantes e non se ofertaban no CXT, viuse parcialmente entorpecido ao deixarse de novo todo en mans das xefaturas territoriais. Queremos un sistema de máximo control e que saian todas as prazas, incluso cando o número de prazas poida ser superior ao número de profesorado sen destino definitivo: hai que garantir a mobilidade de todo o profesorado.

#### ▶ Corpo de mestres

Cubrir **todas as prazas catalogadas** nos centros de Infantil e Primaria e **crear as das aulas habilitadas** para incorporalas neste concurso. No curso pasado había **un total de 447 aulas habilitadas.** Demandamos información actualizada das que hai hoxe así como o tempo que levan baixo esta figura transitoria. Unha praza habilitada non debería selo durante máis de 2 ou 3 cursos.

#### ▶ Itinerancias de PT

Nos IES non hai itinerancias para prazas definitivas no CXT, por iso debe retirarse a referencia aos IES no apartado de itinerancias.

#### ▶ Prazas de oficio en Centros de Educación Especial

Demandamos que non se adxudiquen de oficio nos CEE prazas de especialidade do corpo de mestres diferentes a PT e AL (a día de hoxe hai catalogadas prazas de EM e EF en varios CEE). Non aceptan.

#### ▶ Prazas nos CRAs

Solicitamos que todas as prazas dos CRA (tamén EP e EI) sexan itinerantes a efectos do concurso de traslados.

#### ▶ Prazas de mestres na ESO

Solicitamos que se nos envíe a relación actualizada das prazas actualmente ocupadas por profesorado do corpo de mestres nos diferentes IES e CPI do país. Este colectivo vai poder seguir concursando fóra da súa localidade.



## Negociación das vacantes

☑ **Publicidade, transparencia e rigor.** Se a Consellaría atende a nosa demanda de publicar os cadros de persoal de todos os centros, con indicación das prazas estruturais vacantes e ocupadas terase dado en boa medida o enorme paso adiante que vén reclamando a CIG-Ensino. A maiores, demandamos fixar un **calendario de xestión e de negociación das vacantes**, desde a proposta das direccións ás Inspeccións á negociación sindical, de tal xeito que **todo estea feito antes do remate do prazo de presentación de instancias.** Deste xeito todo o profesorado tería tempo suficiente para coñecer as vacantes que se ofertan. Desde a CIG-Ensino consideramos que debemos consolidar a transparencia e o rigor nas prazas que saen a concurso.

☑ **Determinación da especialidade das prazas a ofertar.** Existen determinadas prazas que poderían ofertarse por máis dunha especialidade. Este ano os cambios introducidos nas especialidades que imparten en FP implica que se debe ter unha especial atención. Isto tamén se produce en especialidades de Artes Plásticas e Deseño ou entre Latín e Grego. Debe regularse con claridade a determinación da especialidade pola que se debe ofertar unha praza.

## Outras cuestións xerais

### ▶ Adxudicación de oficio

Seguimos a reclamar que a **colocación de oficio** estea **limitada á especialidade pola que se opositou.** Solicitamos que tampouco se adxudiquen de oficio as prazas de PES para impartir os módulos da FP Básica nos CIFP. Non aceptan.

### ▶ Habilitación en Primaria con carácter voluntario

Esta habilitación faise de oficio por parte da Consellaría. Hai mestras e mestres que non teñen interese nela e que consideran unha desvantaxe que poidan ser obrigadas a impartila ou optar a un destino por ela se son suprimidas. A Consellaría di que vai reflexionar sobre esta proposta e recoñece que non ten interese en que profesorado de, por exemplo, PT ou AL teñan destino de oficio en EP. Alega, en todo caso, que isto implica un cambio na xestión interna da Consellaría.

### ▶ Comisión de avaliación

- Demandamos que o seu ámbito xeográfico se estenda fóra da cidade de Compostela, como mínimo á súa área de influencia.
- Non debe haber nomeamento a dedo, deben de ser a sorteo.
- Como nos tribunais das oposicións, debe autorizarse a renuncia se se formou parte da comisión nos últimos 4 anos.
- Solicitamos que os membros das comisións sexan substituídos desde o primeiro día no seu centro de destino.

### ▶ Prazas con perfil bilingüe

Denunciamos un ano máis que **non existe control sobre elas,** adxudicando prazas nas que despois non se imparten aulas nese idioma ou que só teñen unha parte mínima do horario con ese perfil. A CIG-Ensino é partidaria de que, de existiren, **deben estar catalogadas,** tendo en conta o profesorado definitivo do centro e senón deben cubrirse vía CADP.



# Propostas da CIG-Ensino sobre o baremo

A Consellaría non tivo en consideración moitas das nosas propostas en relación ao baremo, alegando en moitos casos que está condicionado polo Real Decreto, entre as que destacamos:

▶ **Situación do funcionariado en prácticas.** A CIG-Ensino insistiu en que non ten sentido que a día de hoxe se manteña a participación con cero puntos no CXT para quen é funcionariado en prácticas. Lamentamos a confusión que se crea con bulos que aseguran que a recente sentenza do T. Supremo implica a puntuación cando se está en prácticas. Lamentabelmente isto non é así. O que se di expresamente nesa sentenza é que **o tempo traballado como funcionariado en prácticas (igual que o de interino) debe puntuarse mais sempre desde a condición de funcionario de carreira.** Malia termos proposto na mesa estatal que se modificase o artigo no que se di expresamente que quen está en prácticas participa con cero puntos, o Ministerio non o fixo.

▶ **Queremos máis puntuación polo desempeño doutros cargos docentes.** Buscamos un baremo máis xusto. A mellor opción é ampliar as posibilidades de acadar méritos no apartado doutros cargos docentes, o máis común a todo o profesorado. **Esta puntuación está limitada: son só 5 puntos, fronte aos 20 por cargo directivo.** Queremos reforzar o papel da función docente para que teña o mesmo recoñecemento que o da xestión. Unha directora acada 20 puntos en 5 anos, un xefe de estudos precisa 8 anos para chegar a eses 20 puntos. Un titor, un xefe de departamento, unha coordinadora só poden sumar 5 puntos durante toda a súa vida profesional. **Demandamos que a Consellaría levante a limitación para o apartado 4.3, de tal forma que todo o mundo poida acadar os 20 puntos.**

Tamén debería puntuarse a **substitución de cargos directivos e coordinación de ciclos ou xefaturas de departamentos.** É un aspecto totalmente discriminatorio e inxusto. Neste sentido tamén pedimos **que puntúen todas as coordinacións.** Para iso entendemos que só sería preciso que se indicase no apartado 4.3 que se puntúan "outras figuras análogas". Neste momento non se puntúan nin se retribúen varias coordinacións, entre elas a de igualdade e a de benestar.

▶ **Recoñecemento a todos os efectos (económicos e de puntuación) da xefatura de departamentos das segundas linguas estranxeiras diferentes do francés,** única recollida actualmente (como portugués, alemán...) Outro exemplo da necesidade de actualizar os ROC.

▶ **Apartado 1.1.3. Antigüidade en centros de especial dificultade.** A CIG-Ensino é partidaria de que esta puntuación non sexa consumíbel como é actualmente para que permaneza ao longo da carreira profesional como recoñecemento ao traballo feito nese tipo de centros.

▶ **Apartado 1.2. Antigüidade no corpo.** Mantemos a nosa discrepancia con que ao profesorado de linguas do corpo de PES que impartiu nas EOI non se lle puntúe cando tivo que impartir neses centros obrigatoriamente. Somos coñecedores pola propia Consellaría da existencia dunha sentenza mais cremos que hai marxe para modificar a normativa. Se no concurso excepcional de méritos conseguimos que se puntuase o tempo traballado en Orientación do corpo de mestras ou Prácticas e Actividades en PES, tamén se debe solucionar este caso.

▶ **Responsábeis de centros de menos de 3 unidades.** Artellar unha solución para que se teña en conta a puntuación que merece este persoal.

▶ **Apartado 3.1. Doutoramento, Posgraos e premios extraordinarios:** Non é razoábel que a puntuación non sexa por "cada" mestrado ou doutoramento. Non ten sentido que se puntúen, por exemplo, todos os certificados de niveis C1 de linguas e non todos os graos ou mestrados. Cremos que chegar ao tope da puntuación de cada apartado puntuando máis dun mestrado entra dentro da marxe de interpretación do Real Decreto estatal.

▶ **Apartado 3.1.3. Diploma de estudos avanzados (DEA):** debería ter a mesma puntuación que os mestrados, pois están equiparados.

▶ **Apartado 3.3.** Que puntúe o **nivel básico das EOI (A1-A2) e o Grao elemental de música.**

▶ **Apartado 5. Formación.** Que se teñan en conta as actividades de contidos de lingua e cultura galega.

▶ **Apartado 6. Outros méritos. Puntuación de composicións.** Hai solicitudes feitas pola CIG-Ensino desde hai tempo das que non obtemos resposta, poñendo sempre como escusa unha suposta posta en común co Ministerio que nunca chega. Queremos saber, en concreto:

- Se se van ter en conta tanto as composicións estreadas como as publicadas e ter claros os requisitos en ambos casos, xa que

hai tanto estreadas publicadas como non publicadas. Debe garantirse que se poida puntuar todo mérito artístico e fixar criterios claros. No caso das publicadas debe esixirse o ISMN como nas publicacións.
Se se atopou solución para as publicacións feitas no estranxeiro, porque se cadra non teñen Depósito Legal ou ISBN e non se están puntuando. Non parece axeitado excluílas. Debe esixirse o requisito equivalente en cada país.

- Se existe algún impedimento legal para incluír neste apartado, como propoñemos, os méritos de Arte Dramática. Dixitais e Audiovisuais.

**▶ Apartado 6.4. Servizos prestados á Administración.**
Debe eliminarse do baremo así como a puntuación pola condición de catedrático/a.

**▶ Apartado 6.5. Participación nos tribunais.** Esta puntuación debe estar vinculada a formar parte dos tribunais por sorteo.

**▶ Apartado 6.6. Titorías de mestrados.**
Débese regular o acceso para que, se hai varias persoas que queiran acceder a esta titoría, todas poidan ter ese dereito.

**▶ Novo apartado 6.7. Coñecemento da lingua galega.**
Hai comunidades con lingua propia que teñen desenvolvido este apartado. En Navarra pódense acadar 3 puntos; no País Valenciá 5. Potenciemos a formación de calidade na nosa lingua entre o profesorado e incorporemos ese recoñecemento nos méritos do CXT.

**▶ Disposición complementaria 3ª.**
A Consellaría pechou hai tempo a posibilidade de que os títulos propios das universidades poidan puntuarse nos apartados 3.1 e 3.2. e é un tema que requiriría unha revisión a nivel estatal na Comisión de Persoal do MEFP.

## Novidades tras a integración do corpo de PTFP en PES

☑ Hai varias novidades no articulado e unha aclaración ao baremo relativas á situación creada nos corpos docentes que imparten FP. Son correctas e garanten, tal e como demandou a CIG-Ensino nas negociacións tanto co Ministerio como coa Xunta, **que se permita a mobilidade do profesorado integrado e para extinguir nos corpos correspondentes nos que quedou adscrita a súa especialidade.**

Propoñemos incorporar un novo parágrafo **ao final do apartado 1.d da base décimo cuarta** para asegurar eses mesmo dereitos no caso de supresión ou desprazamento de profesorado do corpo de PTFP declarado a extinguir:

*Para o exercicio deste dereito preferente a localidade teranse en conta os criterios regulados na base terceira desta convocatoria ao respecto da participación do profesorado para extinguir do corpo de PTFP, do profesorado integrado no corpo de PES desde o corpo de PTFP e daquel integrado a título individual no corpo de PES en especialidades do corpo de PESSFP.*

**Como queda a participación para especialidades que imparten na FP?**

- **PES e PTFP para extinguir:** poden pedir prazas de PES (sempre nas especialidades correspondentes)
- **PES integrado desde PTFP, PTFP para extinguir e PESSFP:** poden pedir prazas de PESSFP (sempre nas especialidades correspondentes)

Exemplos:
Quen pode pedir prazas de Procesos Comerciais ou de Sistemas e Aplicacións Informáticas?
- Funcionariado integrado no corpo de PES
- Funcionariado para extinguir do corpo de PTFP

Quen pode pedir prazas de Cociña e Pastelaría ou Peiteado?
- Funcionariado que se integrou con carácter individual no corpo de PES.
- Funcionario que quedou para extinguir no corpo de PTFP
- Novo funcionariado do corpo de PESSFP

Hai un parágrafo que pode dar lugar a confusión na exposición inicial:
*As resultas que se produzan na resolución do concurso ofertaranse no corpo no que está integrado a especialidade con independencia do corpo ao que pertenza a persoa funcionaria que a xera.*
Ten que quedar claro que as resultas son como as vacantes e que, con independencia do corpo que sexa van ser adxudicadas conforme ás novas normas A Consellaría así o confirma, a redacción podería mellorarse mais queda claro que o tratamento das resultas é o mesmo que o das prazas vacantes.

# Participación no CXT de quen accedeu por concurso de méritos

Diante da polémica ao redor da participación de quen aprobou o concurso concurso de méritos e pasou directamente, sen fase de prácticas, á condición de funcionariado de carreira, a Consellaría e algún sindicato xogaron á **ambigüidade e mentiron descaradamente.** A Consellaría chegou a afirmar que solicitara un informe á asesoría xurídica da Xunta. Na Mesa Sectorial do CXT de comezos de outubro desvelou, en resposta á pregunta da CIGEnsino, que **nunca fixo tal solicitude porque tiña claro que non existía ningunha alternativa legal para propoñer un cambio de baremo.** É dicir, mentiron para darlle falsas esperanzas a un colectivo de docentes que propoñía cambios na baremación do concurso para que o novo funcionariado de carreira vía concurso non participase coa súa puntuación.

Tamén **mentiu CCOO que leva meses enganando ao colectivo facendo ver que fixeron propostas.** No verdadeiro e único momento de facelas (Mesa docente do Ministerio, tanto da negociación do proceso de estabilización como no cambio do Real Decreto de concurso de traslados, non propuxeron ningunha medida concreta e así se pode constatar na información publicada despois destas reunións). De aí que **a CIG-Ensino considere unha falta de escrúpulos e unha posición hipócrita** que se pida agora por parte dese sindicato que se tomen "medidas transitorias" no concurso de traslados (sen aclarar en que consistirían aínda que entendemos que se refiren a unha reforma *ad hoc* do RD que regula o CXT para que quen superou o concurso excepcional participe neste concurso con cero puntos como o ten que facer o funcionariado en prácticas) cando non se fixo en ningunha das mesas docentes do Estado nas que se tería que ter tratado este tema. Debe terse en conta, en todo caso, que **privar a unha persoa que é funcionaria de carreira** (e todas as persoas que aprobaron o concurso de méritos xa o son) **dos seus dereitos sería unha medida abertamente ilegal.**

## Repaso dos feitos

Desde o 21 de decembro de 2021 (negociación do sistema de ingreso derivado da Lei 20/2021 por concurso excepcional e concurso-oposición extraordinario) até o 22 de setembro de 2022 (negociación da modificación do Real Decreto de concurso de traslados) non houbo ningunha proposta sindical de modificación nesa liña. O Ministerio afirmou na Mesa de decembro de 2021 que, sen xénero de dúbidas, **un sistema de ingreso mediante concurso non podería ter fase de prácticas ao ter esta un carácter eliminatorio e que o nomeamento sería directamente como funcionariado de carreira.** Isto, insistimos, **sábese desde decembro de 2021.**

En todo caso, **o que cada vez ten menos sentido é que o funcionariado en prácticas participe con cero puntos no concurso de traslados,** aínda que tomar unha medida como esta tamén é de competencia estatal e debe ser froito dunha negociación previa. A CIG-Ensino xa ten amosado a súa posición favorábel a este cambio.

Esta polémica cobra especial incidencia no resto do Estado ao se negaren durante anos, Ministerio e algúns sindicatos estatais, a modificar o concurso de traslados para aplicar, **tal e como se fai en Galiza desde o curso 2013/14 a directiva europea que veta o trato diferente entre persoal temporal e fixo.** Mentres que en Galiza levamos dez anos con ese baremo, todas as demais CC.AA. aplicarán esa norma no vindeiro concurso de traslados que convoquen, o que vai supoñer un cambio drástico que está provocando **respostas sindicais tomadas sen ningún fundamento máis que o de dividir o persoal docente.**

Para a CIG-Ensino nunha polémica na que, lexitimamente, se contrapoñen intereses diferentes, debe primar desde un punto de vista sindical **a coherencia, o rigor e a seguridade xurídica das propostas que se fan.** Se o Ministerio non tivo propostas concretas de cambios nin se ofreceu a aplicalos e mesmo lle respondeu a algunha comunidade autónoma que non terían encaixe legal, e xa ten publicado o nomeamento en BOE como funcionariado de carreira dunha persoa ou dun colectivo antes da publicación da convocatoria do vindeiro concurso, **a normativa de participación no CXT só ten en conta esa situación administrativa desde a que se participa e non como se chegou a ela** (por concurso, por oposición ou por promoción interna de cambio de corpo). Dicir o **contrario é mentir.**

# Desvelando equívocos e aclarando confusións

### ▶ Pode participar con cero puntos o profesorado que supera o concurso de méritos?

Non. Nun acceso mediante concurso non pode haber unha fase eliminatoria como son as prácticas. Quen obtén praza pasa directamente a ser funcionariado de carreira.

### ▶ Pode o funcionariado que superou o concurso oposición extraordinario do verán de 2023 participar no CXT con puntuación?

Sen un cambio da normativa estatal actual, non. Non existe ningunha sentenza, como erroneamente se ten afirmado, que diga tal cousa. O que a normativa galega fixa desde 2014 é que se puntúan os méritos obtidos no ano que se fixeron as prácticas mais **hai que ser funcionariado de carreira para participar con puntos** (o mesmo que acontece cos méritos perfeccionados como persoal interino). A CIG-Ensino é partidaria de que se poida participar con puntuación ao non ter sentido esta diferenciación entre persoal.

### ▶ Pode existir unha convocatoria de concurso de traslados en dúas fases, excluíndo a quen supere o concurso de méritos da primeira fase?

Non. Todo o funcionariado de carreira ten que participar coas mesmas condicións.

### ▶ Cal é o cambio entre o que sucederá no CXT de 2023 e o que viña sucedendo desde 2014?

A efectos do baremo non hai ningún cambio. A novidade está na participación directa como funcionariado de carreira do profesorado que superou o concurso de méritos. Tanto até agora como despois deste concurso a puntuación que se recoñece vai partir do mesmo criterio, fixado en Galiza polo TSXG e no estado polo T. Supremo, partindo do cumprimento da directiva europea que garante o mesmo trato ao persoal fixo que temporal: non se pode estabelecer, agás que existan causas obxectivas para facelo, unha puntuación diferente polo tempo traballado como funcionaria de carreira ou como interino.

### ▶ Houbo algún sindicato que fixese algunha proposta para mudar o RD de concurso de traslados para estabelecer algunha diferenza entre colectivos en función do seu sistema de ingreso ou para efectuar cambios relacionados con este tema?

Non. Non houbo **nin a primeira proposta concreta** en ningunha das reunións da Mesa docente do Ministerio que, desafortunadamente, polo carácter estatal dos corpos docentes, é a única competente neste tema. En setembro de 2022 foi cando se debateu a modificación a nivel de Estado do baremo que xa tiñamos en Galiza e que incorporaba a puntuación dos servizos prestados como persoal interino en certos apartados: tampouco nesta Mesa houbo proposta concreta ningunha. Hai quen xoga ao oportunismo e ao populismo para contentar a un colectivo de docentes aínda que para iso os enganen.

### ▶ Está en contra a CIG-Ensino de fixar diferenzas entre colectivos?

Si. Con independencia da nosa opinión sobre o concurso de méritos, os sistemas de ingreso na función pública (oposición, concurso-oposición ou concurso) funcionan como unha chave para abrir unha porta; unha vez dentro non se poden fixar diferenzas nin á hora de baremar nin á hora de ter preferencia para determinados destinos. Sería como querer puntuar de maneira distinta ás mestras e mestres de acceso directo que aínda están en activo e que entraron por nota de expediente na carreira, a quen pasou do subgrupo A2 ao A1 ou adquire unha nova especialidade por ser unha oposición con máis facilidades, a quen aprobou unha oposición mediante un sistema máis ou menos complexo ou a quen tivo que competir con ratios máis ou menos elevadas no seu tribunal.

Cómpre lembrar que **esta situación de elevada temporalidade nas administracións públicas que desembocou nestes procesos extraordinarios de acceso foi provocada polos gobernos estatal e galego que, durante máis de unha década, aplicaron taxas de reposición de efectivos**, o que provocou unha oferta moi cativa de prazas de concurso-oposición, superando o triplo da porcentaxe de persoal interino que tiñamos estruturalmente en Galiza.

### ▶ É competente a Xunta para fixar cambios no baremo co CXT?

Novamente non, e por desgraza. Tan só ten marxe no apartado doutras funcións docentes (á hora de detallar coordinacións específicas) ou podería -que non o fai- puntuar polo coñecemento da nosa lingua. O feito de que

teñamos que cumprir a **normativa básica estatal que fixa a estrutura do baremo do CXT** impide que poidamos negociar cambios aquí, como demandamos na CIG-Ensino.

**▶ Pediu a Consellaría un informe xurídico á Asesoría Xeral da Xunta sobre a viabilidade dun cambio no baremo?**

Non. Os responsábeis de persoal mentiron cando así o dixeron para aparentar que a Consellaría analizaría alternativas. Na Mesa Sectorial na que se debateu a convocatoria deste CXT (celebrada en outubro 2023) afirmaron, en resposta á CIG-Ensino, que nunca chegaron a pedir ese informe porque tiñan claro que a situación xurídica non admitía dúbidas.



## Dúbidas máis frecuentes sobre a participación no concurso

◉ **Participación:** para participar no concurso é preciso crear unha instancia (ou ben desde cero, ou unha copia da última validada ou unha copia da entregada no concurso anterior). No suposto de participar por **máis de un corpo** deberá presentarse unha por cada corpo que participe.
◉ **Tipos de praza polos que se participa:** deberán indicarse por orde todas as especialidades das que se é titular. No caso de non cubrirse todas, engadiranse automaticamente na orde por defecto.
◉ **Dereito preferente a centro e/ou a localidade/zona:** se se exercen estes dereitos hai que cubrir o centro e a localidade respectivamente (a zona é opcional), o suposto polo que se exerce (como nos supostos de supresión ou modificación da praza ou posto, por desprazamento do centro por insuficiencia de horario ou por adquisición de novas especialidades, entre outros) e os tipos de praza por orde de preferencia. Deben consignarse as especialidades das que se é titular ou para as que se está habilitada. De indicarse vernáculo ou bilingüismo débese estar en posesión dese perfil e que este pertenza á especialidade escollida. É obrigatorio indicar se a praza que se solicita é itinerante ou non.
◉ **Participación forzosa:** de non obter destino nos centros ou localidades solicitados voluntariamente pero a participación teña carácter forzoso, como no caso de funcionariado en prácticas ou en expectativa de destino, poderá adxudicarse de oficio se hai vacantes libres. Ante esta situación hai varios condicionantes:

- Renuncia ao baremo (agás ao apartado da antigüidade)
- Subdireccións (indicar as provincias por orde de preferencia para a adxudicación de oficio)
- Tipos de praza (especialidades nas que se está habilitada por orde)
- Vernáculos e bilingüismo

◉ **Peticións:** No caso de exercer o dereito preferente a localidade é obrigatorio indicalo expresamente e agrupar nas primeiras posicións da táboa estas peticións. Para as peticións voluntarias é obrigatorio indicar se son itinerantes ou non. Se se escolle itinerancia ou bilingüismo debe facerse a mesma petición "limpa" sen estes condicionantes, a diferenza do que acontece no CADP.
Peticicións a centro ou á localidade. Nas peticións formuladas á localidade non están incluídos os CRAs. Para o caso de que se desexe a adxudicación nestes centros deberán solicitarse preceptivamente por código de centro.
◉ **Validación:** unha vez comprobada a instancia, procederase á súa validación. É preciso realizar este paso para poder presentala en rexistro. Unha vez validada non se poderá modificar pero pode crearse unha nova a partir desta. A instancia que se considerará válida é a última entregada no rexistro electrónico.
◉ **Baremo:** no caso de que se queira actualizar ou modificar o expediente (alegar ou presentar de novo a documentación ao baremo) hai que presentar tamén o procedemento ED011A.
◉ **Reclamacións e renuncias:** segundo se vaia realizando a valoración das instancias poderán consultarse na aplicación e formular reclamacións se non se está de acordo. Unha vez publicada a resolución provisional abrirá o prazo oficial de reclamacións e renuncias durante dez días hábiles que deberán tramitarse a través da aplicación e presentarse a través dos mesmos órganos para a entrega de instancias.
◉ **Toma de posesión:** o profesorado deberá remitir á xefatura territorial da provincia na que obtivo o novo destino, antes do 1 de setembro de 2024, a documentación requirida para a súa toma de posesión pero, aínda que esta será a data de efectividade administrativa, terá que acudir ao seu centro de orixe ata dar por finalizadas as súas obrigas no curso en vigor.

## Lembra que...

- Só se pode participar por medios electrónicos e con rexistro único en sede.xunta.gal

- As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán facelo aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva e esta é irrevocábel.

- Renunciar ao concurso implica, a todos os efectos, non ter participado nel. Isto deben telo en conta as persoas que teñan pensado solicitar algunha comisión de servizos (concilia e saúde) para a que é requisito ter participado no concurso xeral de traslados.

# Datos de interese relativos ao concurso

## Profesorado de Ensino Secundario

| Código | Nome | Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2022 | Prazas adxudicadas en 2022 | Profesorado en expectativa | Profesorado desprazado e suprimido | Profesorado en prácticas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 590001 | Filosofía | 0,0000 | 39 | 28 | 1 | 4 |
| 590002 | Grego | 0,0000 | 8 | 4 | 0 | 1 |
| 590003 | Latín | 0,0000 | 16 | 11 | 0 | 1 |
| 590004 | Lingua Castelá e Literatura | 14,8997 | 87 | 140 | 1 | 3 |
| 590005 | Xeografía e Historia | 0,0000 | 101 | 117 | 3 | 1 |
| 590006 | Matemáticas | 19,5996 | 86 | 227 | 4 | 14 |
| 590007 | Física e Química | 9,5321 | 68 | 105 | 1 | 4 |
| 590008 | Bioloxía e Xeoloxía | 8,7831 | 64 | 101 | 3 | 2 |
| 590009 | Debuxo | 0,0000 | 43 | 47 | 2 | 6 |
| 590010 | Francés | 22,7828 | 27 | 66 | 4 | 3 |
| 590011 | Inglés | 0,0000 | 148 | 106 | 1 | 2 |
| 590012 | Alemán | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 590015 | Portugués | 34,4662 | 2 | 8 | 0 | 0 |
| 590016 | Música | 0,0000 | 32 | 3 | 2 | 0 |
| 590017 | Educación Física | 15,7331/0 | 64 | 75 | 3 | 1 |
| 590018 | Orientación Educativa | 0,0000 | 24 | 20 | 0 | 3 |
| 590019 | Tecnoloxía | 27,6824 | 58 | 127 | 0 | 0 |
| 590053 | Lingua e Literatura Galega | 0,0000 | 128 | 72 | 0 | 6 |
| 590061 | Economía | 8,9831 | 32 | 23 | 0 | 1 |
| 590101 | Administración de Empresas | 0,0000 | 24 | 20 | 2 | 5 |
| 590102 | Análise e Química Industrial | 0,0000 | 4 | 10 | 0 | 0 |
| 590103 | Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal | 0,0000 | 6 | 9 | 0 | 3 |
| 590104 | Construcións civís e Edificación | 142,5410 | 1 | 4 | 0 | 0 |
| 590105 | Formación e Orientación Laboral | 0,0000 | 50 | 45 | 0 | 2 |
| 590106 | Hostalería e Turismo | 32,9498 | 5 | 11 | 0 | 0 |
| 590107 | Informática | 0,0000 | 40 | 4 | 0 | 0 |
| 590108 | Intervención Sociocomunitaria | 27,1826 | 11 | 3 | 0 | 0 |
| 590109 | Navegación e Instalacións Mariñas | Sen Adx. | 0 | 5 | 0 | 0 |
| 590110 | Organización e Xestión Comercial | 0,0000 | 20 | 9 | 0 | 2 |
| 590111 | Organización e Proc. de Mantemento de Vehículos | 0,0000 | 5 | 6 | 0 | 0 |
| 590112 | Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica | 6,4034 | 6 | 9 | 0 | 0 |
| 590113 | Organización e Proxectos de Sistemas enerxéticos | 0,0000 | 7 | 8 | 0 | 0 |
| 590115 | Procesos de Produción Agraria | 100,3479 | 1 | 6 | 0 | 0 |
| 590116 | Procesos na Industria Alimentaria | Sen Adx. | 0 | 7 | 0 | 0 |
| 590117 | Procesos de Diagnóstico Clínico e Prod. Ortoprot. | 0,0000 | 4 | 5 | 0 | 0 |
| 590118 | Procesos Sanitarios | 0,0000 | 8 | 11 | 0 | 3 |
| 590119 | Procesos e Medios de Comunicación | Sen Adx. | 0 | 6 | 0 | 0 |
| 590120 | Procesos e produtos de textil, Confección e Pel | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 590122 | Procesos e produtos de Artes Gráficas | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 1 |
| 590123 | Procesos e Produtos de Madeira e Moble | Sen Adx. | 0 | 12 | 0 | 1 |
| 590124 | Sistemas Electrónicos | 0,0000 | 8 | 26 | 0 | 0 |
| 590125 | Sistemas Electrotécnicos e Automáticos | 0,0000 | 9 | 16 | 0 | 1 |
| 590205 | Instalación e Mantem. de Equip. Térmicos e Fluídos | Sen Adx. | 0 | 4 | 0 | 1 |
| 590206 | Instalacións Electrotécnicas | 17,6081 | 3 | 4 | 0 | 2 |
| 590208 | Laboratorio | 74,0416 | 1 | 5 | 0 | 0 |
| 591210 | Máquinas, servizos e produción | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 590212 | Oficina de Proxectos de Construción | Sen Adx. | 0 | 0 | 0 | 2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 590214 | Operacións e equipos de elabor. de prod. alimentar. | 0,0000 | 1 | 12 | 0 | 1 |
| 590216 | Operacións de Produción Agraria | 29,9994 | 2 | 4 | 0 | 0 |
| 590219 | Procedem. de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 590220 | Procedementos Sanitarios e Asistenciais | 21,9331 | 3 | 7 | 0 | 2 |
| 590221 | Procesos comercias | 10,3664 | 5 | 13 | 0 | 1 |
| 590222 | Procesos de Xestión Administrativa | 0,0000 | 16 | 17 | 1 | 6 |
| 590225 | Servizos á Comunidade | 8,1831 | 1 | 8 | 0 | 1 |
| 590227 | Sistemas e Aplicacións Informáticas | 20,7489 | 13 | 5 | 0 | 4 |
| 590229 | Técnicas e procedementos de imaxe e son | 32,2664 | 1 | 7 | 0 | 2 |
| 590231 | Equipos Electrónicos | 25,6682 | 2 | 8 | 0 | 5 |

## Profesorado Especialista en Sectores Singulares da FP

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 598001 | Cociña e Pastelaría | 21,9163 | 8 | 15 | 0 | 0 |
| 598002 | Estética | Sen Adx. | 0 | 9 | 0 | 3 |
| 598003 | Fabricación e Instalación de Carpinteria e Moble | 32,1664 | 2 | 5 | 0 | 1 |
| 598004 | Mantemento de Vehículos | 4,2831 | 20 | 4 | 0 | 0 |
| 598005 | Mecanizado e Mantemento de Máquinas | 39,7245 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| 598006 | Patronaxe e Confección | 23,0796 | 1 | 5 | 0 | 0 |
| 598007 | Peiteado | 7,9997 | 2 | 6 | 0 | 1 |
| 598008 | Produción de artes gráficas | Sen Adx. | 0 | 6 | 0 | 1 |
| 598009 | Servicios de restauración | Sen Adx. | 0 | 10 | 0 | 0 |
| 598010 | Soldadura | 46,5662 | 1 | 4 | 0 | 0 |

## Profesorado de Música e Artes Escénicas

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 594007 | Caracterización | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594118 | Dramatuxia e escritura | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 594120 | Estética e historia da arte | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594124 | Interpretación no teatro do texto | Sen Adx. | 0 | 5 | 0 | 0 |
| 594129 | Técnicas gráficas para a escena | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594130 | Teoría das artes do espectáculo | Sen Adx. | 0 | 4 | 0 | 0 |
| 594401 | Acordeón | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594403 | Canto | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 594404 | Clarinete | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594406 | Contrabaixo | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 594410 | Frauta travesa | 80,7666 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| 594411 | Frauta de bico | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594412 | Fundamentos composición | 10,1831 | 2 | 2 | 0 | 0 |
| 594414 | Guitarra | Sen Adx. | 0 | 4 | 1 | 0 |
| 594420 | Órgano | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594422 | Percusión | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 594423 | Piano | 120,866 | 3 | 7 | 0 | 0 |
| 594426 | Trombón | Sen Adx. | 0 | 2 | 1 | 0 |
| 594427 | Trompa | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594428 | Trompeta | Sen Adx. | 0 | 2 | 1 | 0 |
| 594429 | Tuba | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594431 | Viola | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594432 | Viola da gamba | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594433 | Violín | 87,2332 | 1 | 2 | 1 | 0 |
| 594434 | Violoncello | 56,5914 | 1 | 2 | 0 | 1 |
| 594435 | Danza española | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594436 | Danza clásica | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 594437 | Danza contemporánea | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594441 | Canto aplicado á arte dramática | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594443 | Danza aplicada á arte dramática | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594444 | Dicción e expresión oral | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 594445 | Dirección escénica | Sen Adx. | 0 | 4 | 0 | 0 |
| 594448 | Espacio escénico | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 594449 | Expresión corporal | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 594450 | Iluminación | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594455 | Literatura dramática | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 594456 | Técnicas escénicas | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 594460 | Linguaxe musical | Sen Adx. | 0 | 8 | 0 | 1 |

## Mestres/as

| Código | Nome | Puntuación mínima coa que se obtivo praza en 2022 | Prazas adxudicadas en 2022 | Profesorado en expectativa neste curso (1) | P. desprazado e suprimido no CADP (1) | Profesorado en prácticas (1) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 597031 | Educación Infantil | 0,0000 | 240 | 154 | 48 | 4 |
| 597032 | Idioma Estranxeiro:Inglés | 10,5658 | 114 | 94 | 8 | 0 |
| 597033 | Idioma Estranxeiro:Francés | 0,0000 | 57 | 30 | 0 | 5 |
| 597034 | Educación Física | 0,0000 | 72 | 32 | 4 | 0 |
| 597035 | Música | 0,0000 | 79 | 19 | 4 | 5 |
| 597036/60 | Educ.Especial: Pedagoxía Terapéutica | 14,7160 | 108 | 275 | 15 | 3 |
| 597037/61 | Educ.Especial:Audición E Linguaxe | 17,9164 | 45 | 245 | 10 | 3 |
| 597038 | Primaria | 18,1496 | 394 | 474 | 36 | 0 |

(1) Datos extraídos da adxudicación do CADP para o curso 2023/2024 (especialidade pola que foron adxudicados/as de xeito provisional para este curso). Hai que ter en conta que o persoal suprimido ou desprazado pode pedir prazas no concurso de todas as especialidades da que sexa titular ou teña habilitación.

## Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 592001 | Alemán | 0,0000 | 6 | 2 | 1 | 1 |
| 592002 | Árabe | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 592004 | Chinés | Sen Adx. | 0 | 10 | 0 | 0 |
| 592006 | Español para estranxeiros | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 592008 | Francés | 0,0000 | 6 | 3 | 0 | 4 |
| 592009 | Galego | 0,0000 | 6 | 1 | 0 | 1 |
| 592011 | Inglés | 0,0000 | 36 | 27 | 0 | 0 |
| 592012 | Italiano | 111,2666 | 1 | 6 | 0 | 1 |
| 592013 | Xaponés | Sen Adx. | 0 | 7 | 0 | 0 |
| 592015 | Portugués | 76,8660 | 2 | 1 | 0 | 0 |

## Profesorado de Artes Plásticas e Deseño

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 595503 | Conservación e restauración de obras escultóricas | Sen Adx. | 0 | 4 | 0 | 0 |
| 595504 | Conservación e restauración de obras pictóricas | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 595507 | Debuxo artístico e cor | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 1 |
| 595508 | Debuxo técnico | 0 | 2 | 0 | 0 | 0 |
| 595509 | Deseño interiores | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 0 |
| 595510 | Deseño de moda | Sen Adx. | 0 | 3 | 0 | 1 |
| 595011 | Deseño de producto | 0 | 2 | 0 | 0 | 0 |
| 595512 | Deseño gráfico | 40,8826 | 1 | 4 | 0 | 1 |
| 595515 | Fotografía | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 595516 | Historia da arte | 0 | 2 | 1 | 0 | 1 |
| 595517 | Xoiería e orfebrería | Sen Adx. | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 595520 | Materiais e tecnoloxía: deseño | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 595521 | Medios audiovisuais | Sen Adx. | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 595522 | Medios informáticos | 40,6994 | 1 | 2 | 0 | 1 |
| 595525 | Volume | 74,6666 | 1 | 1 | 0 | 0 |

# CURSOS 2023-24 FORMACIÓN

as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

## CURSOS A DISTANCIA

### 1º TRIMESTRE

**Do 26 de setembro ao 23 de outubro**

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A1 e A4. Actividades interactivas e de avaliación con H5P en Moodle e E-dixgal. Simultaneable con outro curso a distancia
- O cambio climático e os impactos ambientais no ámbito galego. Recursos didácticos para traballar nas aulas.
- Os centros e programas da acción educativa no exterior.

**Do 27 de outubro ao 17 de novembro**

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A2 e A5. Intelixencia artificial para o ensino. Simultaneable con outro curso a distancia
- Na procura do noso patrimonio histórico II. As cruces de pedra na Bretaña, a universalidade da nosa cultura.
- Dereitos de conciliación e laborais. Plans de igualdade para o profesorado.

**Do 21 de novembro ao 19 de decembro**

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A3 e A6. Aula invertida e podcast. Simultaneable con outro curso a distancia
- Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e diversidade: derrubando barreiras desde a aula.
- Usos lingüísticos e identidade(s) de xénero. Reflexións para unha coeducación efectiva.

### 2º TRIMESTRE

**Do 10 ao 31 de xaneiro**

- Deseño e elaboración dunha programación didáctica para FP.
- Programacións e unidades didácticas. Infantil.
- Deseño e elaboración de unidades didácticas en Primaria.
- Programación e unidades didácticas. Secundaria.

**Do 2 ao 29 de febreiro**

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A4 e A5. Genially: avaliación e empoderamento do alumnado. Simultaneable con outro curso a distancia
- Mellora da competencia lingüística en galego para docentes.
- Portugués inicial para docentes.

**Do 5 de marzo ao 4 de abril**

- Autor ou autora que se homenaxea no Día das Letras Galegas.
- Deseño de situacións de aprendizaxe e secuencias didácticas para as áreas lingüísticas.
- Implicacións docentes do novo Real Decreto de FP.

### 3º TRIMESTRE

**Do 9 de abril ao 7 de maio**

- Curso para certificar a competencia dixital B2: A4 e A6. Canva: avaliación e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Simultaneable con outro curso a distancia
- O audiovisual nas aulas.
- Xestión de conflitos nos centros de ensino.

**Duración dos cursos a distancia: 30 h**

## CURSOS PRESENCIAIS

| | | |
|---|---|---|
| Paseos Pedagóxicos de Vigo 2023: «Episodios litorais» da costa sur da Gallaecia | Vigo | 9, 13, 16, 20 e 23 de setembro |
| XXXV Semana da Educación de Pontevedra | Pontevedra | 20, 21, 22 e 23 de setembro |
| VIDEOCONFERENCIA: Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria. | | 20, 21, 27 e 28 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | A Coruña | 23 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Compostela | 23 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Pontevedra | 16 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Vigo | 7 de outubro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Ourense | 23 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Lugo | 23 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | Ferrol | 23 de setembro |
| Curso para funcionariado docente de carreira de novo ingreso | A Mariña | 30 de setembro |
| III Xornadas de historia de Galiza. A nosa historia facémola nós | Compostela | 11 de novembro |
| III Xornadas de Atención á Diversidade | Lugo | 20 de xaneiro |
| XXI Xornadas das Mulleres | Compostela | 2 de marzo |
| XXXIII Xornadas de lingua e literatura | Compostela | 13 de abril |
| XXV Xornadas de Educación Infantil | Compostela | 13 de abril |

Duración dos cursos presenciais: 8 horas, incluída a videoconferencia, excepto:

- Paseos pedagóxicos de Vigo: 32 horas
- Semana da Educación de Pontevedra: 20 horas

**Todos os cursos teñen solicitada a homologación da Consellería de Educación**

LIGAZÓNS PARA MATRICULARSE:

www.as-pg.gal

www.cig-ensino.gal

# Baremo a aplicar no

## 1. Antigüidade

### 1.1. Antigüidade no centro

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 1.1.1. Permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro | |
| Primeiro e segundo anos | 2 puntos/ano |
| Terceiro ano | 4 puntos |
| Cuarto ano e seguintes | 6 puntos/ano |
| 1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade | 2 puntos |
| 1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro de especial dificultade | 2 puntos |

### 1. 2. Antigüidade no corpo

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 1.2.1. Servizos efectivos como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante | 2 puntos/ano |
| 1.2.2. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes do mesmo ou superior subgrupo | 1,5 puntos/ano |
| 1.2.3. Servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes de subgrupo inferior | 0,75 puntos/ano |

## 2. Pertenza aos corpos de cátedras

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Por ser funcionario/a de carreira dos corpos de catedráticos de secundaria, música e artes escénicas, escolas oficiais de idiomas e artes plásticas e deseño | 5 puntos |

## 3. Méritos académicos (max. 10 puntos)

### 3.1. Doutoramento, posgraos e premios e extraordinarios

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 3.1.1. Título de doutor | 5 puntos |
| 3.1.2. Título universitario oficial de máster distinto do requerido para o ingreso na función pública (polo menos 60 créditos) | 3 puntos |
| 3.1.3. Suficiencia investigadora ou diploma de estudos avanzados | 2 puntos |
| 3.1.4. Premio extraordinario de doutoramento, licenciatura ou grao, ou no caso das titulacións dos conservatorios, mención honorífica no grao superior | 1 punto |

### 3.2. Outras titulacións universitarias

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 3.2.1. Titulacións de grao | 5 puntos |
| 3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo | 3 puntos |
| 3.2.3. Titulacións de segundo ciclo | 3 puntos |

### 3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da FP

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa | 4 puntos |
| Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa | 3 puntos |
| Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa | 2 puntos |
| Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa | 1 punto |
| Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de FP | 2 puntos |
| Por cada título profesional de música e danza | 1,5 puntos |

## 4. Cargos directivos e outras funcións (max. 20 puntos)

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 4.1. Director/a | 4 puntos/ ano |
| 4.2. Vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a | 2,5 puntos/ ano |
| 4.3. Outras función docentes<br>Por cada ano como coordinador/a de ciclo, do proxecto Abalar, de centro plurilingüe, de sección bilingüe, de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, das dinamizacións das TIC, de biblioteca, da convivencia escolar, da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, do ENDL, da FCT, do bacharelato internacional, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor AMTEGA, asesor/a Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopegáxica e outras, así como polo desempeño da función titorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE. As fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo. | Até 5 puntos<br><br>1 punto/ano |

## 5. Formación e perfeccionamento (max. 10 puntos)

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| 5.1. Actividades de formación superadas<br><br>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o/a participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | Até 6 puntos |
| 5.2. Impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas no 5.1.<br><br>Puntuarase con 0,1 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. | Até 3 puntos |
| 5.3. Por cada especialidade da que se sexa titular do corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo | 1 punto |

# Concurso de Traslados

## 6. Outros méritos (max. 15 puntos)

### 6.1. Publicacións (até 8 puntos)

Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.

Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, de 2 de novembro modificado polo Real Decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, no seu caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en as que o autor sexa o editor das mesmas.

Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos coas esixencias indicadas na convocatoria.

| SUBAPARTADO | | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|
| a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico) | | Até 8 puntos<br><br>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA<br><br>- No caso de libros, a seguinte documentación:<br>* Portada e contraportada do libro.<br>* Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión dos mesmos foi en librerías comerciais.<br>En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesorado, institucións culturais, etc.)<br>Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.<br>- No caso de revistas, a seguinte documentación:<br>* Os exemplares correspondentes ou fotocopias compulsadas<br>* Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición.<br>En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.)<br>- No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e a URL. |
| Autor | Até 1 pto | |
| Coautor | Até 0.5 ptos | |
| 3 autores | Até 0.4 ptos | |
| 4 autores | Até 0.3 ptos | |
| 5 autores | Até 0.2 ptos | |
| Máis de 5 autores | Até 0.1 ptos | |
| b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico) | | |
| Autor | Até 0.2 ptos | |
| Coautor | Até 0.1 ptos | |
| 3 ou máis autores | Até 0.05 ptos | |

## Disposición complementaria primeira

| A TER EN CONTA |
|---|
| Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. |

### 6.2. Premios en investigación ou innovación (máx. 2,5 puntos)

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Por premios de ámbito galego, estatal ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos.<br><br>DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA<br><br>A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola administración educativa correspondente. | Até 2,5 puntos |

### 6.3. Méritos artísticos e literarios (máx. 2,5 puntos)

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| | Até 2,5 |
| - Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito galego, estatal ou internacional. | No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome dos/ as premiados/as, o seu ámbito e a categoría do premio. |
| - Por composicións ou coreografías estreadas como autor/a ou gravacións con depósito legal. | No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o auto/ar e o seu depósito legal. |
| - Concertos como director/a, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...) | No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor/a ou intérprete e o seu depósito legal.<br>No caso dos concertos: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director, solista ou solista con orquestra/grupo. |
| - Por exposicións individuais ou colectivas. | No caso de exposicións: programas onde conste a participación do/a interesado/a e certificación da entidade organizadora. |

### 6.4. Postos administración educativa

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa. (A fracción de ano computarase 0,12 por mes) | 1,5 puntos |

### 6.5. Membros de tribunais

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Membro de tribunal dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE. | 0,5 puntos/ano |

### 6.6. Titorización de alumnos

| SUBAPARTADO | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| Titoría das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran. | 0,1 puntos/ano |

# O PROFESORADO NON SE VENDE

RATIOS

HORARIOS

Nov xoves 09 **PROTESTAS NOS CENTROS**

Nov martes 14 **CONCENTRACIÓNS NAS CIDADES**

Nov domingo 19 **MANIFESTACIÓN NACIONAL**

BUROCRACIA

RETRIBUCIÓNS

Nov martes 28

# FOLGA

## NOVEMBRO DE LOITA POLOS NOSOS DEREITOS